

AROUSA EN BICI

Xurxo Novales e Roberto Vidal
da Asociación "Arousa en bici"

Cando o Concello de Vilagarcía decide construír un paseo marítimo entre Carril e Vilagarcía, incluíndo un carril de bicicletas, todos os ciclousuarios da Vila respiramos aliviados: ¡xa non sería necesario xogarse o tipo transitando por ese punto negro, tan rico en accidentes e altas velocidades como escaso en arcéns, que é a estrada que une os dous núcleos urbanos!

O noso alivio foi efímero. O carril-bici caeu por presións de propietarios suxeitos a expropiacións.

Isto, máis unha boa cea dun grupo de amigos foi o xerme da asociación "Arousa en Bici", e pouco tempo despois xuntámonos 40 persoas na que foi primeira assemblea da asociación.

E xa postos a andar, realizamos a primeira saída organizada no mes da primavera, concretamente o 15 de Marzo de 1998: fumos ao parque botánico de A Saleta (Meis) arredor de 100 persoas. O feito de elixir ese destino para esta nosa primeira saída non foi casual, senón que quixo ter un carácter simbólico: aproveitamos a ocasión para pedir a adquisición pública dese Parque e o establecemento dun programa axeitado de mantemento e visitas para o mesmo. Posteriormente, comprobámonos desalentados a súa venda a un particular, farta a propietaria de A Saleta das dilacións das administracións.



Non ten a nosa asociación un carácter estritamente ecoloxista (supoñendo que teña sentido esta expresión). Tenta, máis ben, acoller no seu seo a ciclousuarios/as nunha triple faceta: usuarios cotiáns, cicloturistas e usuarios deportivos (aficionados). É evidente, non obstante, que tampouco pretende xogar o papel dun clube ciclista convencional (xa hai suficientes no noso entorno e, de feito, bastantes membros dos clubes ciclistas da zona estanse dando de alta na asociación). O que si pretende "Arousa en bici", en todo caso, é ser un referente ante as institucións, ter un carácter reivindicativo do uso da bicicleta en todos os ámbitos. Aínda que, como dicimos, non é unha entidade estritamente ecoloxista, nos seus estatutos recóllense referencias e postulados que coinciden en bastantes casos cos defendidos por este movemento. Pensamos programar rutas cicloturistas como medio de achegamento á Natureza e ao Patrimonio Cultural, organizar actividades en defensa do medio ambiente (destacando que a bicicleta é o medio de transporte máis ecolóxico), conseguir a maior interrelación posible entre a bicicleta e o transporte público, etc.

Parécenos que vai sendo hora de normalizar a situación dos ciclistas na nosa comunidade. Sendo bastantes as xentes

que usan a bicicleta con regularidade, é penoso que por parte das administracións tan só se fagan políticas de cara á galería, do tipo "Festa da bicicleta" un día ó ano, non mostrando iniciativas para facilitar o seu uso nos trescentos sesenta e cinco restantes. Queda aínda xente que asocia ó usuario habitual da bicicleta con etiquetas como "extraño", "marxinal", ou que considera que esa persoa utiliza a bici única e exclusivamente porque carece de recursos para ter outro medio de transporte, cando sabemos que o uso regular da bici está en alza nos países máis desenvolvidos e debería ter, se a racionalidade guiase os nosos pasos, un excelente futuro: é un medio de transporte san, respectuoso co medio ambiente (desde logo, non incrementa o efecto invernadeiro) e moi axeitado á tendencia mundial de crecente concentración da poboación nas urbes. É moi doado compatibilizalo, ademais, co transporte público e ten moitas ventaxas sobre o transporte en automóbil.

A boa acollida dispensada a "Arousa en Bici" fainos ter unha importante responsabilidade na xestión das expectativas creadas. É moi posible que isto teña relación coa dinámica social actual que provoca, demasiado a miúdo, que a nosa vida teña un ritmo vertixinoso, facilitando o uso da bicicleta a búsqueda do necesario sosego. Un paradigma, neste senso, constitúeo o nome "SIN PRISAS" da Coordinadora de Defensa de la Bici (ConBici), no Estado, da que a nosa asociación forma parte.

"Arousa en bici" pretende coordinar os esforzos das persoas que cren na potencialidade do uso da bicicleta nos distintos ámbitos e presentar alternativas ante a administración. Estamos a pensar nunha iniciativa ante o Parlamento Galego para que tome medidas legislativas

que apoiem o uso da bicicleta e o turismo ecolóxico. No momento da redacción desta colaboración estanse preparando os "Terceiros Encontros de Ciclousuarios/as galegos", a celebrar en Vilagarcía os días 1-2-3 de Maio, así como varias saídas pola comarca e, incluso, ás Médulas no Bierzo, recentemente declaradas Patrimonio da Humanidade. Temos intención, asimesmo, de participar no IIº Congreso Ibérico "La Bicicleta y la Ciudad", a celebrar en A Coruña os días 25-26-27 de setembro, con asistencia de representacións de toda a Península Ibérica.

Indicaremos, finalmente, que unha decidida política institucional no apoio do uso da bicicleta pode lograr cambios significativos nos hábitos sociais. Na cidade de Copenhague, por exemplo, levouse dende o ano 1962 a cabo unha política de estacionamento que reducía os espazos dispoñibles para os automóviles e deixaba así espazo ás pistas para bicicletas. O resultado foi que a circulación de automóviles nesta cidade ten diminuído nun 10% dende 1970. Cun clima semellante ao noso, o transporte en bicicleta representa un 33% do total, en proporción equivalente á do transporte público e aos transportes motorizados privados, segundo "O Correo da Unesco" (febreiro, 1998).